

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 128/2022**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 18 de xullo de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de xullo de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 15 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se lle concede o acceso á información pública solicitada con data 8 de xuño de 2022 sobre a documentación da API dispoñible en bus.gal, nos termos expresados na devandita resolución.

O reclamante en resumo indica que ao non denegarse de forma explícita o acceso á información, a Dirección Xeral evita pronunciarse sobre a causa legal pola que non permite o acceso a información solicitada, limitando a súa capacidade de recurso. En todo caso, o argumento esgrimido non se axusta a ningunha das causas de limitación do dereito de acceso establecidas na normativa de Transparencia.

A API da que se solicita información está exposta a internet, accesible de maneira universal por este medio e non proporcionar un manual non evita este acceso, senón que fai que este sexa máis arriscado para o sistema informático.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución impugnada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 14 de setembro de 2022 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 15 de setembro de 2022.

Terceiro. Con data do 18 de outubro de 2022 a Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe indícase que unha vez analizada a reclamación, solicitouse informe á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), ao ter a competencia no desenvolvemento tecnolóxico, co obxectivo de coñecer se se podería habilitar un acceso á API de bus.gal por parte de terceiros. O informe conclúe que acordouse habilitar unha contorna illada para o uso por parte de terceiros da API de bus.gal independente da utilizada polo portal, que estará dispoñible no prazo máximo dun mes e nese momento facilitaráselle ao interesado a definición dos servizos en formato PDF, estando ademais esta información tamén dispoñible a través do portal Open Data da Xunta de Galicia (<https://abertos.xunta.gal>).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución impugnada ten data do 15 de xullo de 2022, e a reclamación se interpuxo o 18 do mesmo mes, debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presentou reclamación contra unha resolución da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na que se resolve conceder o acceso á información, comunicándolle que na actualidade, a interface de servizos (API) de bus.gal non está dispoñible para o seu consumo por parte de terceiros xa que un uso incorrecto da dita API podería provocar indispoñibilidades nas aplicacións corporativas que actualmente consumen dita API.

Na tramitación da reclamación, a Dirección Xeral solicitou informe á AMTEGA que acordou habilitar unha contorna illada para o uso da API, que estará dispoñible no prazo máximo dun mes e nese momento facilitaráselle ao interesado a definición dos servizos e estará dispoñible no portal de datos abertos da Xunta de Galicia.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debéndose polo centro directivo competente (Dirección Xeral de Mobilidade ou AMTEGA), proporcionar a información ao reclamante no momento no que se habilite a contorna para o seu acceso.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 18 de xullo de 2022, contra a Resolución do 15 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se lle concede o acceso á información pública sobre a documentación da API dispoñible en bus.gal, nos termos expresados na devandita resolución,

Segundo: Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a que rematada a habilitación da contorna, no prazo máximo de 10 días hábiles, facilite a información ao reclamante.

Terceiro: Instar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.